



## Defender o noso. Defender o galego nas aulas

Luis Carlos Cachafeiro Chamosa

Profesor no IES Pontepedriña de Santiago

Profesor Asociado da Universidade de Santiago de Compostela

**T**róuxonos aquí a iniciativa da Asociación Cultural Meiro que leva traballando por defender algo tan natural como aparentemente revolucionario neste país: defender o propio!!

Se o millo tradicional, as nosas festas e cultura gastronómica, a paisaxe, as rías e os ríos, debemos defendelos, como non facelo co noso maior sinal de identidade colectivo, a lingua galega? Non hai que ser investigadores para se decatarse da difícil situación do galego: desprezo e perda continuada de falantes ao se reducir de xeito dramático a proporción de galego falantes nos máis novos. O principal soporte dunha lingua ven dado pola transmisión de pais e nais aos fillos. Cando, como no caso do galego, esa transmisión rompe nunha proporción tan intensa, o dano para a sociedade é enorme. E a supervivencia depende sobre todo de que existan lugares e familias que manteñan a transmisión dunha xeración á seguinte.

Se aquí vemos o interese por manter esa forma tradicional de millo, que non suporá a conservación da lingua? É o símbolo da identidade de Galicia e o vehículo no que nos expresamos e se expresaron os nosos devanceiros durante mil anos, e vemos que está a ser tratado de xeito despectivo por unha parte importante da sociedade. E igual que o millo, a nosa lingua precisa de xente que a traballe por ela, que o faga desinteresadamente e pensando en positivo cara o propio e non deixándose levar por debates creados polos seus inimigos, moi amigos, iso si, de animar pelexas estériles nas que eles levan as de gañar e o galego, as de perder.

Debemos analizar de onde vimos e cara onde camiñamos. Sabemos da situación do galego, mais

tamén debemos reflexionar os pasos para a recuperación, e pensando que se a época na que vivimos é nova, o menosprezo da propia lingua, estimulado polo poder desde hai séculos, está presente na sociedade desde entón.

O galego está practicamente desterrado en moitas familias e lugares do país. Mais iso non pode facer que nos quedemos parados. Moi ao contrario, debemos unirmos os que realmente queremos que teña futuro. Que pasa por incorporar novos falantes, animados pola conciencia do valor do galego. E debemos pensar que existen modelos probados de conservación, aínda que polos caracteres específicos de cada país e tempo, o emprego deses modelos non será útil de facer unha reprodución idéntica.

Unha das pezas máis importantes para a súa supervivencia, e tamén para a súa destrución, é a actuación sobre o ensino. E o goberno ten unha serie de instrumentos para axudala, mais tamén para destruíla. O español entrou en moitas casas pola vía dun ensino de imposición impulsor do autodio que moitos galegos profesan e que da orixe a unha sistemática negación dos valores propios, polo que atopamos tanta xente que se bulra e avergoña do país, da lingua, da paisaxe, da nosa cultura, dos nosos produtos etc. A importancia do ensino de cara a apoiar á conservación da lingua propia vese nidiamente no caso de Euzkadi e especialmente no de Catalunya.

Dado que moitos alumnos e alumnas viven en ambientes castelán falantes, un dos poucos contactos co galego prodúcese no centro educativo. O alumnado non terá unha competencia en galego se non ten un contacto vía inmersión. E este deberá ser o camiño. Para iso cómpre unha maioría de

aulas en galego e impulsar o seu uso na clase polo alumnado. Pois se o decreto de bilingüismo da anterior Xunta de Galicia era un modelo feito con sentido de país, de avance significativo e aínda que non se pode dicir que fora un modelo de inmersión, si que abalaba cara ao galego como o facía o Plan de Normalización aprobado por unanimidade na última etapa do goberno de Fraga. No curto período de vigor dese decreto o cambio nas aulas, aparentemente foi pequeno. Mais o que mudou foi moi significativo nun país onde o martelo do poder viña caendo sempre do mesmo lado.

E o novo goberno decidiu cambialo todo dando por feito que a realidade era xusto ao revés da que é. Ao fin e ao cabo, mudar a realidade para gañar votos non é unha técnica nova en política.... E así chegaron a dicir que o galego era unha lingua de imposición (aínda non se atreveron a dicir que a trouxeron os rusos, gavachos, ou fillos da pérfida Albión). Todo se andará.... A realidade nos centros educativos era que, aínda que o decreto (do bipartito) falaba dun mínimo dun 50% en galego, e tendo en conta os datos estatísticos previos, é case seguro nunca chegou realmente ao 40%, aínda que na época do bipartito medrou con certa rapidez respecto da época de Fraga. Por iso algúns colleron medo. E decidiron mentir todo o que quixeron. Que si *opresión*, que si *“el gallego no es apropiado para dar clase de matemáticas”*, que *“en la clase de matemáticas se inventan un gallego y los niños no entienden a los profesores como cuando dicen dous ao caldeiro y claro así los confunden”* E moitas outras mentiras, especialmente coas Matemáticas que foi unha das materias na que oficialmente desapareceu o ensino en galego en toda a primaria e secundaria. As xustificacións non valían un peso... mais que importa cando se ten o poder? Afortunadamente, unha parte non desprezable do profesorado da materia continúa a dar as aulas en galego. Son o emblema dun país que renuncia a submisión e quere defender o propio.

de Galicia nesta cuestión apuntan a unha dirección única: tentar reducir o galego no ensino e na sociedade co obxectivo de que desapareza. É o primeiro, e polo tanto o único, goberno da Xunta que prohibe que se dean en galego varias materias en primaria e secundaria. Elimina o galego como lingua específica dunha das probas de oposicións, gasta varios millóns de euros en substituír libros de texto de galego para que os teñan en español. E moitas outras medidas que proban que a actual Xunta de Galicia tenta a destrución do futuro para a lingua galega.

Unha mostra de que a situación pode mudar vémolos na Universidade compostelá onde se ben se imparte o 30% das aulas en galego e o 66% en castelán, tamén é certo que en cinco anos se pasou do 20% ao 30%. Contra o que algúns poidan pensar é un avance non só pola porcentaxe en si, tamén polas razóns que están detrás dil. Así que tamén podemos ver ese agromar da lingua alí onde semellaba estar oculta. O futuro do país ben merece ese esforzo. Pois se como galegos renunciámos á nosa lingua, esta sería a peza de trofeo dos bárbaros e seríamos tomados como un país de miserentos que nin saben defender o deles mesmos. Será mellor que nos odien por conservala. Odiarán si, mais tamén nos respectarán como pobo con futuro. E ese respecto gáñase día a día e non só na defensa da lingua. No territorio, na conservación da nosa identidade. En Meiro temos un exemplo dun pobo que se soubo xuntar para manter as tradicións propias, que é a mellor forma de conservarse.

Todas as medidas do actual goberno da Xunta